

A Anpa de Mondariz protesta pola mala calidade da comida

Páxina III

Salvaterra abre as termas municipais á beira do río Miño

Páxina V

O Rock in Río presenta a guía e os concertos do "Rock na Rúa"

Páxina VII

Ponteareas aproba obras por máis dun millón de euros

Páxina X

As Neves rematou a reposición da sinalización

Páxina XI



O BNG gañador en Ponteareas con 4099 votos e 9 concelleiros

Páxina VII

Óptica mahen

mahen

audioprótesis

Ópticos desde 1939



Nº Reg. Sanitario E-36-000038

P O N T E A R E A S

r ú a s e n é n c a n i d o , 4

OPINIÓN

Por Guillermo Rodríguez

Despois da resaca das eleccións

Imos facer un superficial paseo polo Condado/Paradanta e pararnos en cada un dos concellos para explicarlles a vde. os resultados electorais e de como nós analizamos os resultados. Teñan en conta que a nosa opinión non é mellor nen peor ca súa, de vdes.; nós escribimos o que percibimos, vdes. fagan o mesmo. Comezamos:

Os nove concellos do Condado/Paradanta son dende as primeiras eleccións democráticas, anos oitenta, de cor azul, conservadores, de dereitas. Agás un breve interregno en As Neves co crego Verísimo Sueiro. Ultimamente foron perdendo a cor en Ponteareas, nas Neves, en Mondariz. Os restantes concellos mantéñense fieis a causa, seguen sendo azuis. Pero fagamos una lixeira camiñada e vaíamos vendo que pasou o 26A:

Ponteareas: Aquí deuse un resultado pouco esperado. Era lóxico, ata certo punto, que os dous partidos fundamentais que viñeron sostendo o actual goberno (BNG + PSOE) +En marea) colleitaran o que viñeron sementando ao longo dos últimos 4 anos. Os outros dous partidos: En Marea cun concelleiro e EU con outro que deran maioría a socialistas e nacionalistas para gobernar este últimos 4 anos, apenas viron reflexado o seu traballo na gobernabilidade da Vila de Ponteareas; incluso os socialistas se queixan dos seus resultados dicindo que foran, dalgún xeito, vítimas do irmán maior que soubo, via medios, via feitos concretos, aparecer coma o único que gobernaba. Sempre pasa así, por iso os partidos se resisten tanto en servir de amuletos a outros para formar goberno porque saben que una vez entregado o bastón de mando, “si te he visto no me acuerdo”.

O BNG que tiña alcalde acadou nove concelleiros. Ni eles mesmos o esperaban. Os socialistas, que tamén gobernaban, baixaron a tres. Nin En Marea que era socio de goberno, nin EU que permitiu co seu voto a elección de Represas como Alcalde conseguiron repetir os resultados: quedaron fora da Corporación. Na Oposición temos ao PP que perdeu fuelle e a ACIP que tivo uns resultados moi esperanzadores. Aumentar un concelleiro nas actuais consicións é proba dun traballo de campo ben feito. Claro que tanto un partido coma o outro se atoparan con adversarios im-

pensables que, de pronto, aparecen no panorama político sen saber moi ben de onde saíron. O malo é que estas candidaturas máis voluntaristas que políticas situáronse no espectro político de centro dereita, ali onde tiñan que disputar o voto tanto o PP com o ACIP. Sen querer ou querendo, traballaron para que o BNG, sobre todo, vira revalorizados os votos conseguidos. Do resto encargouse o Sr. Hont.

Pasemos a Mondariz-Balneario onde o incombustible alcalde ven repetindo resultados dende hai un montón de anos. Nun concello tan pequeno e cunha política tan persoal como a que fai José Antonio, alcalde, resulta difícil birlarlle o bastón de mando.

En Mondariz (que algúns din “d arriba”) as cousas foron sempre máis complexas. Houbo tempos en que o PP tiñalle tomada a medida aos votantes e todos ou case todos entraban no seu caladeiro. Nos últimos tempos as cousas variaron. Reboreda, un alcalde histórico deu paso ao seu compañeiro de partido.....que sería derrotado por nacionalistas e socialistas, con algún independente polo medio. Logo da ruptura do BNG formábase Alternativa por Mondariz que chegou a Alcaldía na lexislatura pasada da man dos socialistas que lle deron apoio entrando no goberno, aínda que logo non se entenderan. Nestes momentos AxM resultou ser a candidatura máis votada (4) pero sen o apoio de BNG (3) ou do PSOE (1) non poderá gobernar. O PP con dúas actas e Cs con unha pouco ou nada lle poden facer. Que pasará? Nestes momentos quilosá. En términos futbolísticos poderíamos dicir que o partido está moi aberto.

Deamos un pincho dun can e siuémonos un pouco máis arriba, en O Covelo. Este ven sendo un deses concellos do PP que representan o rural galego interior que va quedando sen xente. O exalcalde Pepe Costa cedeu o bastón de mando a un rapaz novo, fiel escudeiro durante anos, Pablo Castillo. Este atopouse cunha tarefa difícil de resolver: facer que concellos como O Covelo teñan razón de ser, de existir, no actual problema demográfico existente.

Constanos que Pablo Castillo ten boas ideas e bos proxectos; o malo é que se atope sen argola a onda agarrarse porque os concellos máis grandes e mellor situados cren que só a eles lles



pertencen os recursos do pobo. Rivalidou sen apuros a candidatura para Alcalde para outros catro anos. Non pode defraudar ao seu mentor tantos anos.

Na Cañiza paso algo parecido. Cesar Mera que gobernou un montón de anos paosullelo testigo ao actual alcalde Miguel Domínguez. Ali leva pelexando pola alcaldía un destacado socialista, Luis Piña. Por varias veces estivo a punto de birlarlle o bastón de mando ao PP, pero nuns casos candidaturas incomprensibles de esquerdas e noutros como nesta ocasión novos políticos fixeron que non dera chegado. Non sabemos se o seguirá intentando. As veces as cousas é mellor deixalas enfriar para logo “devoralas” con máis calma.

Da Cañiza saltamos a Crecente. quen non se lembra do inclito Cesar Luen-go... Alcalde durante moitos anos que lle deixou ao seu fillo a herdanza, aínda que non moi do seu gusto. Alí tentárono socialistas e nacionalistas, pero o caladeiro popular está firmemente asentado e non hai tu tia.

Baixamos a Arbo. Aquí as cousas xa se desluciron en varias ocasións. Lembramos a atípica chegada de Hermenxildo ao poder, da man de Rajoy, cando os homes do PP na vila eran outros. Pero esa é outra historia que algún día contaremos. O certo é que anos atrás organizábase un ha especie de caza ad hominen, “todos contra Chicho” (así se chamaba o alcalde coloquialmente). A fronte da soldadesca estaba Rivera que fora popular pero logo organizou una candidatura coa que conseguiu botar a Chicho da Alcaldía. Este cambio non foi de azul a vermello. A cor do PP seguía igual. Recentemente una candidatura popular con Xabier Simón á fronte conseguiu, logo de acordos con outra candidatura, facerse coa Alcaldía.

Foi flor dun día porque os que lle botaron una man para ser alcalde botaronllelles despois para sácalo. Cousas moi propias dos nosos paisanos. O azul segue reinando.

E baixando amodiño chegamos a As Neves. Aquí xa lucirá a cor vermella tempos ha. Pero a Iglesia era aínda máis retrógrada do que é hoxe. O alcalde Verísimo Sueiro (cura) tivo que elixir entre o sacerdocio ou a alcaldía. Ultimamente chegou ao goberno local un home do BNG coa axuda dos socialistas que conseguirán un acta na lexislatura anterior. Nesta última conseguiron tres por catro do BNG e tres para os socialistas. Nestes momentos están erudiando Non están os tempos para a lirica nas Neves. O candidato do PP, Emilio, que fora alcalde un montón de anos, conseguiu tutear ao Alcalde sacándolle os mesmos catro concelleiros. Os socialistas din que nesta ocasión queren a Alcaldía. Veremos.

Finalmente pechamos en Salvaterra de Miño. Aquí temos que despedirmos de Arturo Grandal, a quen coñecemos sendo mozos e co que mantivemos serias discrepancias sen por iso perder a amizade de sempre. Por outro tiña un importante fondo de armario que utilizou cando foi preciso. Estaba seguro que os votos eran del e pouco lle importaban as siglas. Foi popular, independente, socialista e de novo azul. Deixoulle o testigo a una concellala, 1ª tenente de Alcalde, Marta Valcarcel, que ven de renovar a maioría para gobernar se ataduras de ningún tipo. O traballo serio e constante que realizou durante os últimos catro anos coa mocidade, sobre todo, deulle o resultado esperado. Pode seguir gobernando Salvaterra sen atrancos tal como viña facendo Arturo Grandal durante un montón de anos.

MONDARIZ

Mondariz reafirmase na súa aposta polo aforro enerxético nos edificios públicos

O Centro Social de Mondariz contará, en breve, cunha caldeira de biomasa que permitirá substituír a antiga caldeira por un sistema medioambientalmente sustentable e que permite un maior aforro enerxético.

A instalación desta caldeira de biomasa será posible logo de que a Deputación de Pontevedra comunicara ao concello que preside Xoán Carlos Montes Bugarín, a concesión dunha axuda de fondos europeos FEDER que cubrirá o 80 por cento dos preto de 72.000 euros que custa (71.902,85 €).

Deste investimento global, os Fondos FEDER achegan 55.552,28 €, sendo o resto achegado a partes iguais entre o propio Concello de Mondariz e a Deputación de Pontevedra



Auditorio do Centro Social de Mondariz

con senllas achegas de 7.190,29 €.

Coa instalación deste sistema de calefacción, o Concello de Mondariz reafirmase na súa aposta por sistemas que contribúan non só a un maior aforro enerxético, senón a unha mellora substancial do medio ambiente.

De feito, o Concello de Mondariz xa instalara un sis-

tema de calefacción de biomasa na escola de Lougares.

A instalación deste sistema de calefacción no Centro Social fíxose ao abeiro da convocatoria de axudas do IDAE (Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía) no marco operativo FEDER para proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono.

O Pleno de Mondariz da luz verde á RPT

O Concello de Mondariz amosou a súa satisfacción pola aprobación da RPT (Relación de Postos de Traballo), un documento básico para o correcto desenvolvemento das funcións do persoal municipal xa que nel se especifican con claridade as obrigas e dereitos que teñen os traballadores e traballadoras en cada un dos postos do cadro de persoal do Concello. Ademais, a RTP é un documento que lles ofrece garantía aos traballadores, xa que o seu salario vai ser independente dos cambios de Goberno.

Este documento, que era un compromiso do goberno de AporM dende a súa entrada no Concello de Mondariz, foi aprobado na sesión plenaria



de onte cos votos a favor de AporM (grupo de goberno), BNG, PP e MsT e a abstención do PSdeG-PSOE.

O documento xa fora aprobado, no seu día, pola maioría das forzas sindicais con representación no concello – UXT, CC.OO. e CSIF– (a CIG que non se presentou na mesa de negociación para a votación) e tamén por unha ampla maioría na asemblea dos traballadores e traballadoras.

A Anpa de Mondariz protesta pola mala calidade da comida do colexio

O pasado 31 de maio, a Anpa do colexio público de Mondariz celebrou unha concentración protesta pola baixa calidade da comida que a Xunta de Galicia lles envía ao comedor.

A protesta consistiu, en non enviar aos alumnos ao comedor ese día, saíron do colexio á hora do remate das clases, e unha vez concentrados fora do recinto escolar, alumnos e familias, desprazáronse ao campo de fútbol

que esta pegado o colexio para realizar unha “comida campestre”.

O comedor do colexio de Mondariz ten uns 248 usuarios, que comen a comida servida por un catering. O longo de este ano, a Anpa do colexio xa enviou varios escritos á Xunta, e reclamacións á empresa trasladando as queixas polas deficiencias na calidade da comida do comedor, sen de momento recibir resposta.

Dende a asociación de nais



e pais din que non van quedar de brazos cruzados, seguirán reclamando un servizo de co-

medor digno, que cumpra cos requisitos de calidade e servizo esixidos.

I Mostra de produtos de Covelo

O venres 7 de xuño terá lugar na Praza Mestre Cerviño a I Mostra de produtos de Covelo. Desde as 10 da mañán ofreceranse produtos locais de tempada e de artesanía. Ás 11 impartirase un obradoiro de elaboración de pizzas artesanais e unha do mediodía sesión vermú co grupo Diapente. Ás nove da mañán saíran autobuses de Maceira e A Lamosa e ás 14 horas regresarán.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursoseseanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69
x.foroapeneira@gmail.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
x.foroapeneira@gmail.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, Pilar Martínez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxío Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglesias (Mero), Nicolás Xamardo, Luís Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 226-2018

CONDADO/ PARADANTA



CONCELLO
SALVATERRA DE MIÑO

PAZAS
LIMITADAS

CAMPAMENTOS DE VERÁN

INSCRIPCIÓNS DO 3 AO 17 DE XUÑO

COCINA E DIETÉTICA
Lugar: cocina
Horario: De 11:00h. a 13:00h.
IDADE E DATAS
- De 12 a 16 anos
- Do 8 ao 18 xullo

DESEÑA A TÚA CHAPA E CAMISETA
Lugar: Casa da Cultura
Horario: De 11:00 a 13:30h.
IDADE E DATAS:
- De 12 a 16 anos
- Do 22 ao 24 xullo

CURSO DE INGLÉS
Lugar: Casa da Cultura
Horario: De 11:00h. a 13:00h.
IDADE E DATAS
- De 10-18 anos.
- Todos os mércores de xullo e agosto, nivel pre-intermedio e intermedio

CAMPAMENTO DE VERÁN (UNHA AVENTURA POLO MUNDO) (PROGRAMA DE CONCILIACIÓN FAMILIAR)
Se estás interesado durante os días de campamento o A.N.P.A. A Lagoa ofrecerá servizo de comedor. Para máis información actividadesanpaalagoa@gmail.com.
para este servizo debe haber un mínimo de 15 nenos custo 50 euros a quincena

MINI AVENTUREIROS
Lugar: C.E.I.P. I. Felipe
Horario: 9:00h. a 14:00h.
(Opción de chegada de 9:00h. a 10:00h. e de recollida de 13:00h. a 14:00h. especificar na inscrición, quincena e horario.)
IDADE E DATAS
Nen@s de 4 a 6 anos (ou que cumpran 4 anos este ano)
Do 1 ao 15 de xullo
Do 16 ao 31 de xullo
Do 1 ao 15 agosto
Do 16 ao 31 agosto

AVENTUREIROS
Lugar: C.E.I.P. I. Felipe
Horario: 9:00h. a 14:00h.
(Opción de chegada de 9:00h. a 10:00h. e de recollida de 13:00h. a 14:00h. especificar na inscrición, quincena e horario.)
IDADE E DATAS
Nen@s de 7 a 14 anos
Do 1 ao 15 de xullo
Do 16 ao 31 de xullo
Do 1 ao 15 agosto
Do 16 ao 31 agosto

Actividades 5€ e campamento 25€ quenda
Para máis información: no Concello e na web: www.concellodesalaterra.org
Tlf.: 986 658 082 Inscricións no Concello



Asociación Cultural-Deportiva
Fogar de Breogán
Lira - Salvaterra de Miño



LIRA MÚSICA

VI CONCERTO DE CORAIS DE VERÁN

CASA CULTURAL DE LIRA 09 DE XUÑO 2019 19:00H

Neste nova edición, contaremos coa participación de tres corais polifónicas, que nos ofreceran un variado repertorio, e que son as seguintes:

- Coral polifónica de “FRAGOSO” de Vigo
- Coral polifónica de “QUIROGA” de Lugo
- Coral polifónica “FOGAR DE BREOGÁN” de Lira

Animádevos e participade con nos dos actos da nosa aldea












Asociación Cultural-Deportiva
Fogar de Breogán
Lira - Salvaterra de Miño



LIRA TRADICIÓN

FOGUEIRA DE SAN XOÁN

O vindeiro **22 de xuño** as **10:00** da noite queremos, como en anos anteriores, celebrar o San Xoán cunha fogueira e unha sardiñada na feira de Lira. Esperamos a túa participación.

Acompañaranos o grupo de gaitas NAIAMA para poñerlle son a noite. Para anotarte debes chamar os teléfonos seguintes **antes do día 20. Prezo 2€**

Celso > 653750584 Lito > 685421672 Rogelio > 697886043

Sardiñas

Pan de millo

Viño

E para rematar unha queimada

Para tódolos veciños










SALVATERRA DE MIÑO

Salvaterra abre ao público as súas termas municipais á beira do río Miño

O pasado 16 de maio tivo lugar a apertura das termas municipais de Salvaterra situadas no lugar de Teans- Oleiros, á orilla do Río Miño, fronte a vila de Monção e a 1 km da Ponte Internacional augas arriba e o seu recinto conta con 3.000m² entre instalación e zonas verdes, ademais dun parque público.

O horario da instalacións é de 10.00h a 13.00h e de 17.00h a 21.00h. Os luns pecharase por mantemento.

Consta de 4 pozas termais de baño, 3 grandes de aproxi-

madamente 140m² de superficie, cunha profundidade de 0,60m e unha poza pequena de aproximadamente de 30m² de superficie e 1,40m de profundidade, cun decantador para as augas, que posteriormente verten ao Río Miño. Conta cunha autorización da Confederación Hidrográfica Miño Sil y de la Consellería de Medio Ambiente.

A Auga foi declarada minero –medicinal e Termal previo informe favorable do Instituto Xeolóxico e mineiro de España de Enerxía e Minas da Xunta de Galicia.



Salvaterra ven de aprobar axudas 75 euros para libros e material escolar

As solicitudes deberán presentarse do 12 de xullo ao 13 de agosto.

O Concello de Salvaterra de Miño aprobou en Xunta de Goberno Local as bases e a convocatoria específica de concesión de axudas económicas de 75,00€ destinadas á adquisición de libros e material escolar de cara ao próximo

curso 2019-2020.

Segundo Marta Valcárcel Gómez, a 1ª Tte de Alcalde e Concelleira de Servizos Sociais, o obxectivo destas axudas, que se convocan anualmente, é promover o principio de igualdade na educación e compensar ás familias con recursos limitados para cubrir os custos derivados da escolarización

dos seus fillos, entendendo como tales tanto a adquisición de libros como o resto de material escolar. Estas axudas están dirixidas aos alumnos e alumnas de Educación Infantil matriculados nos centros escolares de Salvaterra.

O prazo para a presentación das solicitudes será do 12 xullo ao 13 agosto, ambos inclusive.

Os interesados en solicitar esta axuda económica deberán presentar as solicitudes xunto coa documentación esixida polo Departamento de Servizos Sociais, os martes, mércores ou xoves, nese mesmo departamento, de 08.00 a 14.00 horas.

É necesario aportar xunto coa solicitude o DNI ou NIE dos membros da unidade familiar, o libro de familia e xustificantes dos ingresos da unidade familiar do ano en curso. Os interesados terán

que achegar o recibo de aluguer ou o certificado bancario en caso de estar pagando unha hipoteca da súa vivenda habitual. Ademais, é necesaria unha copia da declaración de renda e sentencia e convenio regulador en caso de divorcio.

Para máis información contacte co Departamento de Servizos Sociais, todos os interesados@s poden consultar as bases e descargar o modelo de solicitude na páxina www.concellodesalaterra.com.



CONDADO/ PARADANTA

ACiP asume o seu papel de oposición real na corporación

O incremento de sufraxios outorga a Alternativa Cidadana de Ponteareas un cuarto concelleiro, o que a converte na terceira forza política na vila.

Pasados uns días das Eleccións Municipais 2019, un proceso longo e de moito traballo para todos os membros de ACiP, o grupo mantivo xa primeira reunión para avaliar datos e orientar a súa acción política inminente. En primeiro lugar Alternativa Cidadana de Ponteareas quere agradecer publicamente o apoio recibido polo electorado da vila e asumir esa responsabilidade que nos deron todos eles, cunha importante subida de votos e cun concelleiro máis que dende agora vaise incorporar á vida política municipal. El, como os outros tres membros, asumirá a mensaxe que nos deu o electorado: a de ser unha oposición firme e construtiva, “unha oposición”, sostén o portavoz de ACiP, Juan Carlos González Ca-

rrera, “que apoiará no que sexa necesario ao goberno que se forme neste novo mandato, pero que tamén fará crítica e defenderá, ante todo, os intereses da vila”. As eleccións municipais de 2019 debuxaron un panorama político en Ponteareas ben claro: ACiP é a terceira forza máis votada na vila, o que demostra que a cidadanía veu o que aconteceu no pasado goberno local e quere cambios. “Son máis os electores que apostan por nós en detrimento de outros grupos que recibiron unha clara mensaxe de que non estaban a facer as cousas como tiñan que ser”, sostén González Carrera quen, ademais, senteniza asegurando que “temos claro que a oposición real ao futuro goberno de Ponteareas imos ser nós”.



Por outra banda, ACiP xa está a levar adiante as súas primeiras medidas logo do proceso electoral. Nestes días están a recoller toda a cartelería e publicidade empregada nestas eleccións. “Entendemos e cremos nunha Ponteareas que dea exemplo de limpeza. A vila ten que quedar como estaba antes do proceso electoral; máis aínda coa proximidade do Corpus. É un proceso laborioso pero hai que facelo e pedimos ao resto de grupos políticos que fagan o mesmo para que os veciños vexan tamén que exemplificamos condutas cívicas”.

O PSOE achaca a perda do escano á capitalización do goberno municipal polo BNG

O PSdeG-PSOE de Ponteareas valora negativamente os resultados do pasado domingo, pois consideran que non foron capaces de capitalizar o seu traballo de goberno durante os catro anos de mandato.

Así mesmo, agradecen aos veciños e veciñas de Ponteareas a confianza depositada no Partido Socialista recordando que en Ponteareas segue habendo unha maioría de esquerdas onde o PSOE ten e terá un peso determinante para que se poidan levar a cabo políticas progresistas e de benestar para o conxunto da veciñanza.

Sen embargo, os socialistas de Ponteareas séntense satisfeitos pola súa labor á



fronte das áreas de Urbanismo, Vías e Obras, Comercio, Seguridade, Mobilidade e Deportes, nos que se teñen avanzado e progresado áreas paralizadas durante anos polo PP e ACiP.

Os socialistas analizarán nesta semana os resultados para tomar decisións de cara o futuro e artellar cos resultados obtidos unha guía de mandato para os vindeiros catro anos nos que queren priorizar os intereses de Ponteareas por enriba de todo.

Brais Pino do Club Billar Sportivo competirá no Campionato do Mundo de Billar

O xogador do Club Escola de Billar Sportivo, Brais Pino, viaxará as Vegas para disputar o Campionato do Mundo de Billar categoría amateur no que participará do 23 de maio ao 3 de xuño.

O ponteareán Brais Pino xa fixera a súa primeira incursión nas Vegas hai quince anos e agora repite para facerse cos primeiros postos en bola 8, bola 9, parellas e equipos, categorías nas que competirá.

Xunto aos lucenses Fran Do-



val e Raúl Esmoris e aos mallorquíns Manuel Montejo e Carlos Gómez participará en equipo para representar ao estado español.

Brais Pino é o actual subcampión galego absoluto bola 9, foi campión galego en individual e en equipo e campión de España en equipo.

O concurso do servizo de ambulancias non esixe dúas ambulancias as 24 horas

A concellería de Sanidade que dirixe Vanesa Fernández alerta do risco de non dispor de dúas ambulancias 24 horas para as urxencias sanitarias. Fernández advirte que nas condicións que a Xunta de Galicia recolle na convocatoria para o concurso do servizo non se esixe un mínimo de dúas ambulancias as 24 horas.

Vanesa Fernández explica que tan só esixen unha ambulancia 24 horas e outra 12 horas, puntuando con 10 puntos a aquelas empresas

que fagan unha mellora e amplíen a segunda ambulancia a 24 horas.

“Este servizo básico debería ser un requisito imprescindible e non algo accesorio puntuable porque as nosas ambulancias cubren un territorio xeográfico extenso para catro concellos con suficiente poboación como para ser indispensable as dúas ambulancias as 24 horas”.

Para a concelleira as bases do concurso priman o interese comercial das empresas e non a cobertura sanitaria da cidadanía.

PONTEAREAS

O BNG agradece o apoio recibido e promete estar á altura da confianza outorgada

O BNG de Ponteareas amosou a súa “enorme satisfacción” por un resultado electoral que consideran “histórico e o froito de décadas de traballo na oposición e de catro anos de goberno, cos que por fin logramos a confianza dunha maioría de ponteareáns”.

Os nacionalistas pasan de cinco a nove concelleiros na corporación, a tan só dous da maioría absoluta e case duplican o seu apoio electoral ao pasar de 2.297 a 4.099 votos (o 34%), converténdose na primeira forza política a moita distancia da segunda, o Partido Popular, que obtivo cinco concelleiros e 2.696 votos (o 22%).

O alcalde Xosé Represas agradeceu “o amplísimo apoio

recibido” e afirmou ser “consciente da xenerosidade dos ponteareáns cara nós e o noso proxecto ao darnos unha confianza maioritaria. Estaremos á altura do que tanta xente espera de nós. Dixemos na campaña que despois de recuperar economicamente o Concello agora viría o mellor, e así o demostraremos con feitos e realidades nos vindeiros catro anos”.

Para o alcalde, “o apoio recibido é un recoñecemento ao difícil traballo que tivemos que facer estes catro anos. Agora, coa ampla maioría conseguida, a veciñanza outorgounos a súa confianza por catro anos máis para que demostramos o que podemos facer para transformar Ponteareas, e non os defraudar



remos”.

Represas tendeu a man ao resto de forzas políticas “para traballar xuntas, desde o goberno ou desde a oposición, polos intereses de Ponteareas e para mellorar a calidade de vida da cidadanía”.



O Rock in Río presenta a guía e os concertos do “Rock na Rúa”

O Paseo Matutino acoñeceu a presentación da guía do festival Rock in Río Tea 2019, e os concertos do “Rock na Rúa” deste mesmo ano, ambos patrocinados pola concellería de Comercio Hostalería e Consumo do Concello de Ponteareas que dirixe Inés Vidal.

A guía do festival, que se distribuirá polos comercios de Ponteareas e arredores, serve non só para difundir as moitas actividades relacionadas co mesmo, senón como guía útil para consultar os diferentes tipos de establecementos que colaboran co Rock in Río Tea, sendo un escaparate da actividade comercial da comarca.

O “Rock na Rúa” consta de 5 concertos de rock realizados

en diferentes rúas e establecementos hostaleiros de Ponteareas os sábados de Xuño, nun horario que facilita a participación das familias, e que tamén busca dinamizar a actividade hostaleira da tarde-noite da vila. Este ano os concertos empezarán ás 20:30, para evitar as horas centrais do día. As 5 localizacións desta edición serán:

Sábado 8 de Xuño: Blubar (Rúa Rogelio Groba) coa actuación de “Herrantes” (Ponteareas).

Sábado 15 de Xuño: Primeiro tramo do Paseo Matutino coa actuación de “Los Canallas” (A Coruña).

Sábado 22 de Xuño: Wilson bar (Avenida Castelao) coa actuación de “La Supersonic”

(Vigo)

Sábado 29 de Xuño: Chiringuitos da praia fluvial da Freixa, coa actuación de “Galladanos” (Madrid).

Sábado 6 de Xullo: Eiravella – Berceo (Avenida Rosalía de Castro) coa actuación de “La casa de los ingleses” (Pontevedra).

Á presentación acudiron Inés Vidal Rodríguez, concelleira de Comercio Hostalería e Consumo, o alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, e a concelleira de Participación Cidadá, Cristina Fernández, ademais de representantes da asociación cultural Rock in Río Tea e dos hostaleiros do Paseo Matutino, onde se celebrará un dos concertos do “Rock na Rúa”.

VII EDICIÓN

Rock in Río Tea
Ponteareas

19/20 DE XULLO
21:00H

PARQUE DA FEIRA VELLA
PONTEAREAS

VENRES 19

KITAI · SKANDALO GZ
GETHERE
ALUMNOS DO CDM (ROCK SCHOOL)

SÁBADO 20

HEREDEIROS DA CRUS
LOS NASTYS · ZANIBAR ALIENS
PRESUMIDO · THE LEVITANTS
EL SÓTANO DE BABEL

ENTRADA GRATUITA

ROCK IN RÍO TEA · PONTEAREAS CONCELLO · COMUNICACIÓN · FOTOGRAFÍA · DISEÑO

CONDADO/ PARADANTA

PONTEAREAS

Adxudicada a construción do parque de calistenia en Ferro Ucha

O concelleiro de Deportes, Benito Márquez, informa que xa se adxudicou a obra de subministro e construción desta nova zona deportiva no parque Ferro Ucha por un importe total de 22.709€ (IVE incluído) financiados con fondos propios. Esta nova instalación terá 210 metros cadrados, e inclúe un parque de calistenia de 180 metros cadrados e un circuito aeróbico de 80 metros cadrados.

Benito Márquez prevé que as obras comecen nas vindeiras semanas e adianta que estarán listas para o seu uso nun prazo de dous meses.

Fomentar a práctica deportiva aproveitando os espazos naturais que ofrece a cidade é o obxectivo desta iniciativa que promove a concellería de Deportes que tras unha consulta popular a través das redes sociais decidiu ubicalo neste céntrico pulmón verde.

Os diferentes módulos des-

tinados ao exercicio distribúense ao longo de toda a superficie situando sobre o terreo o circuito aeróbico e executando a área da superficie de destinada a calistenia sobre area de sílice de río. A zona estará perimetrada cun borde de madeira de piñeiro para evitar que a area se espalle.

O parque de calistenia terá un cubo, un monkey bar horizontal, un banco para abdominais, unha parede sueca, barras de dominada triple francesa e barra dominada clásica, un monkey bar de dous niveis, un monkey bar serpe e barras paralelas.

Pola súa banda o circuito aeróbico comporase dun elevador-flexión de brazos, un aparello de cintura, outro de remo, outro para adestramento de torso e outro para extensión de xeonllos.

“A construción dun parque



de calistenia na vila era unha demanda dos veciños e por iso a súa construción é tan importante para nós. A intención é dotar a Ponteareas de máis instalacións deportivas abertas, públicas e gratuítas. Esta nova zona deportiva ao aire libre é unha opción gratuita ao ximnasio tradicional e non está condicionada, entre outras cousas, a un horario establecido”, indicou Benito Márquez.

Na liña da estratexia “Ponteareas, Hábitat Saudable”, esta nova iniciativa do goberno de Ponteareas busca promover hábitos de vida saudables e a interacción respetuosa da cidadanía co medio ambiente.

Ponteareas destaca no encontro estatal de correspondentes e alberguismo xuvenil



Os nosos “correspondentes xuvenís” gañaron unha praza no encontro estatal “Correspondentes e alberguismo xuvenil” que tivo lugar na cidade coruñesa de Bergondo e no que participaron máis de 200 correspondentes de toda España.

A concellería de Mocidade, que dirixe Verónica Carrera, a través da oficina de voluntariado implantou neste curso escolar nos tres institutos e no CPR La Inmaculada este programa no que a mocidade recibiu formación de como xestionar toda a información relacionada coas súas necesidades e inxerencias.

Deste, dende a oficina de voluntariado encargáronse de facilitarles ferramentas, plataformas e recursos para achegarse a un maior número de información e para saber difundirla e compatirla.

Grazas a esta iniciativa a mocidade converteuse en investigador e transmisor de cursos, becas, actividades culturais e deportivas, viaxes e carnes, entre outras materias.

O alumnado do IES Pedra da Auga e do IES Val do Tea foi seleccionado pola calidade do traballo realizado entre todos os participantes de Galicia. A mocidade ponteareá conquistou á organización cun vídeo no que promocionaban a súa cidade e os potenciais da contorna.

Verónica Carrera traslada os parabéns a esta mocidade da que se sente orgullosa e califica de “tesouro” a estas novas xeracións que farán o futuro de Ponteareas. “Participativos e implicados, así son as nosas mozas e mozos cos que traballamos no deseño non só da programación de Mocidade Viva se non tamén en moitas outras iniciativas”.

Ata o día 6 de xuño podes inscribirte no Verán Rural 2019

A concellería de Ensino, que dirixe Cristina Fernández, informa de que está aberto o prazo para a solicitude do Verán Rural 2019, unha alternativa de lecer para rapaces e rapazas de 3 a 12 anos que facilita a conciliación familiar en tempada de verán.

A concellería establece varias quendas que rotarán polas parroquias:

1ª quenda- do día 1 ao 15 de xullo en Arcos e Xinzó

2ª quenda- do día 16 ao 31 de xullo en Prado e Guláns

3ª quenda- do día 01 ao 16 de agosto en Fozara e Padróns

4ª quenda- do día 17 ao 31 de agosto en Cristiñade

As prazas son limitadas e desenvolveranse nas respectivas casas culturais cun custe de 32€ en horario de 09:00 a 14:00 horas.

A preinscrición está xa aberta ata o vindeiro 6 de xuño e todos e todas as interesadas deben porse en contacto co departamento de Ensino do concello de Ponteareas, teléfono 673 794 880, ou nas propias casas culturais das parroquias. Tamén se poden consultar as bases e formularios na páxina web do concello no apartado Ensino, “bases ensino” ou clikando directamente nesta ligazón <https://ponteareas.gal/servizos/ensino/bases-ensino/>



información interesante

na nosa WEB

www.novasdoeixoatlantico.com

Visítenos

EIXOATLANTICO

XORNAL GALEGO-PORTUGUÉS DA GALLARCIA

PONTEAREAS

Ensino destina 21.000€ para axudar ás familias a comprar os libros de texto do vindeiro curso escolar

A concellería de Ensino e Participación Cidadá, que dirixe Cristina Fernández, informa que se venen de aprobar as bases para as axudas municipais para adquirir libros de texto para o curso 2019/2020.

Por cuarto ano consecutivo, estas axudas están destinadas ao alumnado matriculado en educación infantil (4º, 5º e 6º), FP Básica, Ciclos Formativos e bacharelato.

Co obxectivo de apoiar ás familias con ingresos limitados a concellería disporá dun total de 21.000€ para axudar á compra de libros e material escolar ata un máximo de cen euros. Cristina Fernández creou esta liña de axudas



que dende o ano 2016 supoñen un respaldo ao ensino público e ás familias cunha inversión ata o día de hoxe de 83.000€ só en adquisición de manuais e libros.

O prazo de admisión de solicitudes rematará o vindeiro 30 de setembro e comezará

a contar dende o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

A concelleira de Ensino insiste na importancia de axudar ás familias con maiores limitacións e na prioridade de garantir o acceso a un ensino de calidade.

Cincuenta familias viven a experiencia do intercambio escolar



Cincuenta familias francesas e ponteareas viviran nestes días a experiencia do intercambio escolar que lles permitirá aprender idiomas e culturas irmadas dende hai tres anos.

O alumnado de cuarto da ESO e de primeiro de bacharelato do CPR A Inmaculada e do IES Pedra da Auga reci-

bíu o día 22 aos seus correspondentes do Lycee Albert Sorel da cidade francesa de Honfleur.

Nestes sete días, o alumnado francés e ponteareán, coñeceu Ponteareas e os seus arredores, practicaron deportes de aventura e degustaron a gastronomía local, ademais de descubrir unha nova cultura e costumes.

A concelleira de Ensino, Cristina Fernández, e a concelleira de Cultura e Normalización Lingüística, Hortensia Bautista, déronlle a benvida na Casa do Concello e agasalláronlle rosquillas de Ponteareas ademais de ofrecerlles unha pequena introducción do patrimonio histórico e natural do que poderán gozar nestes días.

Italia e Portugal contaxiáronse da nosa arte floral

O alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, no nome do goberno felicitou ás e aos alfombristas que fixeron gala da nosa arte floral tanto en Italia como en Monção a pasada fin de semana.

O sábado 11 de maio os e as alfombristas de Ponteareas promoveron a arte efímera de Ponteareas na cidade italiana Pietra Ligure e na cidade portuguesa de Monção con motivo da celebración da Nossa Senhora da Rossa na que reforzaron, un ano máis, os dez anos de irmandade cun deseño da artista portuguesa Mafalda de Castro con elementos típicos da cultura portuguesa.

Dúas cidades separadas xeográficamente pero unidas pola arte floral da nosa cidade. En Pietra Ligure participaron dentro da sexta edición da expo-



Alfombra elaborada en Monção



Alfombra en Pietra Ligure, Italia

sición internacional "Pietra Ligure in Fiore" que se celebrou no centro histórica da cidade.

Alemania, Austria, Bélxica, Hungría, Lituania, Polonia e Portugal foron outros dos países participantes que fixeron un total de 43 alfombras congregando a máis de 800 alfombristas.

Aberta a inscrición para o CAMPUS-TEA 2019

A concellería de Ensino que dirixe Cristina Fernández informa que o prazo de preinscrición do Campus-Tea 2019 xa está aberto e remata o vindeiro xoves 6 de xuño. Este campus é unha alternativa que ofrece actividades lúdico-didácticas para facilitar a conciliación familiar na tempada de verán.

O campus destinado a rapaces e rapazas de 3 a 12 anos terá un horario de mañá de 09:00 horas a 14:00 horas no CEIP Nosa Sra. Dos Remedios.

Cun prezo de 35€ a concellería establece catro quendas de quince días: Quenda 1: do

01 ao 15 de xullo ; Quenda 2: do 16 ao 31 de xullo ; Quenda 3: do 1 ao 15 de agosto ; Quenda 4: do 16 ao 31 de agosto.

Todos os interesados deberán achegarse polo departamento de ensino do concello de Ponteareas. O formulariode preinscrición pode descargarse na web do concello na pestaña "bases ensino" dentro do apartado de Ensino

Aula matinal

Ademais, a concellería de Ensino, para reforzar o apoio ás familias, ofrece o servizo de aula matinal en horario de 07:30 a 09:00 horas.

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

O CEIP Santiago de Oliveira poderá estrear pista de patinaxe neste curso

Enmarcadas dentro do proxecto “O patio que queremos” deseñado polo alumnado do CEIP Santiago de Oliveira, as obras da patinaxe teñen un custe total de 25.000€ que se financiarán con fondos propios da concellería de Ensino que dirixe en funcións Cristina Fernández.

Para facer realidade esta demanda da comunidade educativa do centro, a concellería tivo que acometer obras previas de acondicionamento do terreo para agora, nestes días, proceder á pavimentación e colocación de todos os elementos que recolle o proxecto.

A pista de patinaxe ten 350 metros cadrados rematados en formigón cunha varamda de seguridade en todo o seu perímetro. Para fomentar o xogo un túnel serpenteará por un dos laterais da pista cuberto por plantas trepadoras que tupirán os arcos de aceiro e ofrecerán unha zona de sombra.

As obras complétanse coa realización dunha zona de acceso con peldaños e outra en rampa. Tamén se canalizarán as augas e se colocarán pasamáns.

A partir do mes de setembro, unha vez pasada a tempada de altas temperaturas,



a concellería procederá a axardinar a contorna da pista de patinaxe e os arcos do túnel de sombra.

O proxecto “O patio que queremos” foi realizado polo alumnado do centro escolar co apoio do seu profesorado e dun equipo de arquitectos financiados polo concello. Un proxecto no que tamén se propuñan un rocódromo, un merendeiro con bancos e mesas cubertos para estar á sombra e unha zona de baile baixo un porche con espellos, graffitis e barras para estiramientos que a concellería xa executou.

“O patio que queremos” tamén contempla gradas, cabanas para a lectura no exterior e un escenario ao aire libre que se irán executando nos vindeiros cursos.

Este traballo do alumnado de sexto de primaria do ano

2016/2017 foi seleccionado pola I Bial Internacional de Educación en Arquitectura (Ludantia) para a exposición que tivo lugar en Pontevedra en 2018.

Dentro da liña de actuación da Concellería de Ensino, está a de ofertar aos Centros Educativos programas e proxectos que contén coa participación infantil e xuvenil, seguindo a experiencia adquirida a través da Rede das Cidades das Nenas e dos Nenos inspirada por Francesco Tonucci, facendo de Ponteareas unha cidade da Infancia.

A concelleira en funcións afirma que “é unha satisfacción apoiar e desenvolver proxectos nos que os protagonistas e creadores son o propio alumnado e a comunidade educativa facendo así que sexan parte activa e responsable do futuro de Ponteareas”.

Ponteareas aproba obras por máis dun millón de euros



Proxecto da humanización no tramo entre o Mercado Municipal e o Auditorio.

O derradeiro pleno do Concello neste mandato deu luz verde a obras por máis dun millón de euros a executar nos vindeiros meses.

Entre as obras aprobadas atópase a humanización da rúa Fernández Vega no tramo ubicado entre o Mercado Municipal e o Auditorio, por un importe de máis de 250.000 euros. A esta actuación súmanse as obras de acondicionamento do edificio do Conservatorio para mellorar o seu illamento e eficiencia enerxética, por case 400.000 euros. E por último, o Concello acometerá a primeira fase da rede de calor, cun importe superior aos 800.000 euros.

A humanización do entorno do Mercado e Auditorio suporá situar a un mesmo nivel os dous edificios, cun espazo peonil amplo en forma de praza, polo que poderán seguir circulando os vehículos a 20 km/h. O obxectivo é converter esa zona

comercial nun lugar atractivo, agradábel e seguro, con mobiliario urbano como bancos, nova iluminación e arborado.

A rede de calor é unha iniciativa pioneira coa que os edificios municipais disporán de calor a través de biomasa, unha forma de incentivar o aproveitamento dos restos forestais.

No conservatorio, acometerase unha reforma integral do illamento con obras que permitirán gañar en eficiencia enerxética, aforrar enerxía e mellorar a confortabilidade.

Estas obras engádense as xa aprobadas no último semestre de humanización da vila como a Praza de Bugallal, Rúa Redondela, Rúa San Roque, Alto da Gloria ou entorno da piscina municipal e centro de saúde, que se atopan en fase de licitación e adjudicación e que conlevan un investimento global de máis de tres millóns de euros.



Comunidades, Colegios, oficinas
cristalerías, moquetas, abrillantado
de suelos, primeiras obras,
limpieza de fachadas

Rúa As Lavandeiras, 3 Bajo
36860 PONTEAREAS
Telf. y Fax: 986 661 052

Talleres
Guiller Motor



Venta de vehículos usados

Puzo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA
(Pontevedra)

Tel./Fax 986 66 15 41



O Concello das Neves rematou a reposición da sinalización de diferentes localizacións da vila

A área panorámica do monte de San Nomedio, e as entradas nas Neves que veñen de Arbo, Salvaterra, Pontearreas e Vilasobroso contan con novos sinais.

Do mesmo xeito, e de cara a impulsar o ámbito turístico, hai xa sinalización do Sendeiro dos Frades e o Camiño dos Pescadores e, en relación con este último, está en marcha o proxecto para a indicación da 'Ruta Circular' do camiño nas parroquias e dentro das Neves.

Nova web

No que atange á promoción turística das Neves, o Concello conta cun vínculo específico de Turismo na nova web municipal. A mesma fai referencia a propostas culturais, a enclaves paisaxísticos, rutas de sendeirismo, etnografía, gastronomía, medio natural ou historia e arqueoloxía, eido no que se acometerá unha acción especial para difundir os



Sinalización no San Nomedio.

Petroglifos de A Coutada, en Taboexa, o principal descubrimento da arte rupestre galega dos últimos 20 anos.

Nas vindeiras datas o Concello dará a coñecer nas redes sociais municipais un vídeo promocional de As Neves que amosará os principais atractivos e reclamos da vila.

Sinalización do concello

Esta iniciativa complementa a de finalización da sinaliza-

ción informativa nos barrios e parroquias. En total colocáronse 285 sinais que hoxe, logo dun traballo de dous anos, toda As Neves estea sinalizada.

Este foi un dos proxectos nos que o Goberno local puxo maior interese que ademais era unha das principais demandas dos veciños, tal e coma deixaron claro nas xuntanzas do 'Concello Escoita'.

Arbo recibe da Consellería do Medio Rural un tractor



O Concello de Arbo recibe da Consellería do Medio Rural un Tractor dacordo o convenio asinado entre a Consellería e o Concello de Arbo o pasado 1 de marzo de 2019.

O uso temporal do citado equipo (vehículo, desbrozadora e trituradora) (artigo 37.1 da lei 5/2011 de Patrimonio da Comunidade autónoma de Galicia, será destinado aos seguintes fins

de utilidade pública e interese social: mantemento e limpeza da maleza nas infraestruturas rurais de titularidade municipal, mantemento e limpeza de determinadas fincas pertencentes a masas común de concentración/reestruturación parcelaria de titularidade do Concello e mantemento e limpeza das redes secundarias de faixas de xestión de biomasa.

A Vella Barca, de Arbo, celebra as Letras Galegas no Centro Galego de Lisboa

O sábado 18 de maio o Centro Galego de Lisboa acolleu a actuación da Asociación Cultural A Vella Barca. Esta agrupación provén de Arbo e está formada por un grupo de xente nova, cun rango de idades que vai dende cativos de dous anos ata outros de trinta anos.

A Asociación A Vella Barca nace coa inquietude de preservar a nosa cultura popular tradicional. Encárgase de reproducir fielmente a música, os cantares, os bailes e, por suposto, a vestimenta e a xoiaría da época. Sobre todo, tratan de recoller o bo facer dos seus antergos por toda a Península

Ibérica. Os componentes todos eles artistas dende moi cativos, quixeron dar e mostrar unha nova forma de ver a cultura tradicional, recuperando as tradicións galegas de antaño, as cantigas, os instrumentos, a vestimenta... cantigas que eles interpretan como os seus tataravos como por exemplo a que vai acompañada da música que fai o "sacho e a pedra"

A esta actividade acudiron multitude de galegos afincados en Portugal ademais de lusos e españois que puideron disfrutar dun espectáculo único de pandereteiras e pandereteiros, parellas de baile e músicos que interpretaron



numerosas pezas con diversos instrumentos tradicionais. Interpretación atendendo sempre aos diferentes ritmos de cada zona e aos xeitos de cantar da nosa comunidade. A esta viaxe a capital portuguesa acudiron ademais moitos colaboradores e amigos da

Vella Barca.

A incorporación dunha nova directiva á agrupación posibilitou a creación dunha nova Charanga Tradicional formada por gaitas, saxofón, clarinete, pandeireta, tambore e un bombo con platos.

CONDADO/PARADANTA

Arraigamento e divulgación dunha tradición galega milenaria: a lamprea seca en Arbo (I)

Manuel Xiráldez González, miñoto arabense.

“Un cheiro de cociña pode evocar unha civilización enteira”. Fernand Braudel. Historiador francés.

I. UNHA INICIATIVA DE GRAN SINGULARIDADE CONSOLIDADA NA DIVERSIDADE GASTRONÓMICA GALEGA.

No verán de 1996 ten lugar a I Festa degustación da lamprea seca baixo o lema “Outras maneiras de coñecer a lamprea”. Organizada daquela pola Asociación de Hostaleiros de Arbo e o concello, celebrouse a primeira fin de semana de xullo na contorna natural da carballeira de Turbela. Nas vinte e tres edicións realizadas ininterrompidamente ata o 2018 hóñranse e danse a coñecer as variedades culinarias do produto “escalado ao fumeiro”, poñendo en valor e promocionando populares e exquisitas receitas arabenses e miñotas, como a lamprea guisada con tirabeques, chicharos e fideos, ao lado da rechea con ovo e xamón, da rebozada, da feita ás branzas ou a empanada. Trátase de modalidades tradicionais moi arraigadas ata os tempos actuais en Arbo, na comarca do Condado-Paradanta e na área transfronteiriça veciña de Melgaço e Monção desaparecidas ou descoñecidas noutros lugares, e que nacen a raíz da abundancia que había noutras épocas na temporada de pesca e dos métodos moi antigos de conservación dos alimentos como o salgado e o fumeiro, o que permitía ter lamprea e peixe do río todo o ano (para o verán, para o nadal, nas labranzas, nas populares romarías de San Fins, San Roque, San Benito,...). Este produto único e de gran singularidade, mítico e prehistórico, é acompañado en perfecta harmonía polos afamados e tamén tradicionais brancos arabenses, hoxe condados e albariños baixo a Denominación de Orixe Rías Baixas, conseguindo unha ambrosía memorable para o padal do cada vez maior número de visitantes que gozan das ribeiras do Miño galaico-portugués na época estival.

II. O SEXTO SENTIDO DA HISTORIA: DAS ORIXES DAS PESQUEIRAS ÁS ORIXES DA LAMPREA ESCALADA. “ENCHENTAS NO XANEIRO, LAMPREAS AO FUMEIRO”.

As orixes da tradición da lamprea seca lévanos ás propias orixes da pesca nos ríos galegos e sobre todo á historia da pesca no Miño. Aínda que poidan existir indicios indirectos arqueolóxicos que levan a pensar na época galaico-romana ou mesmo na época prehistórica, non se atopan noticias documentais máis alá do século VIII. Antes do período medieval é difícil e impreciso investigar ao ser a documentación pouco precisa. Nos séculos IX e X xa abundaban en Galicia os documentos de doazón de pesqueiras por parte do rei aos mosteiros galegos e as doazóns piadosas de particulares da nobreza

Ed.Corema.Antero Leite.1999). E no privilexio do ano 1125, “Dona Teresa, rainha de Portugal, concedeu á catedral de Tui a coutada de pesca no río Minho com a condición de nada se pescar nesta zona sem autorização do mordomo do Cabido” (esa zona estendíase desde a vila de Lazoiro, actual Salvaterra, ata a desembocadura do río). Con todo, o rei non perdía o seu señorío da pesca: “...recebia dízimas e detinha quinhões em pesqueiras...O rei tirava benefícios em poder melhorar e variar as suas refeições pois o pescado era muito apreciado na mesa real”.

O Aravo medieval vive igualmente o inicio da expansión da pesca. En 1184, o rei Fernando II entrega en doazón ao mosteiro de Melón o reuengo de San Pedro de Aravo “...e con este dou e concedo a pesqueira de Guisande para que os goces e dispoñades deles por sempre en dereito hereditario...”. Os monxes deste cenobio preocupábanse moito pola pesca e esixían a proporción correspondente sobre o peixe que os foreiros obtiñan nos distintos lugares aforados. Unha mostra ben ilustrativa localízase en 1405, ano no que o abade don Álvaro afora a Gonçalvo do Paaço “...a Ribeira que a nosa granja ha eno pertigadoiro de Retortela... e reparedes dito lugar e pesqueiras... e do pescado que Deus der enas ditas pesqueiras nos faredes foro de media ena pedra.”

No século XVIII, en base ao catastro de Ensenada (1752-1753), Arbo rexistra un total de 72 pesqueiras que producían un valor de 1.862 reais de vellón anuais. As máis destacadas polo seu produto eran daquela o Naseiro do Regato, Cagado e Pardo Ferro, Escumeiro, Varandoiro da Varcia e Tango, en Santa María de Arbo; Amieira e Corrida Mourisca Nova en San Xoán de Barcela; Da Pena, Xiela e Burgadeira en Santa Mariña de Sela; Folgado, Follagueiros, Lampreeiro, Do Penedo e Da Raña en Mourentán e o Cabrón en Cequeliños. A maioría dos que figuran como propietarios son xa



Lampreas escaladas no fumeiro da María do Toledo (A Vrea Arriba).



Lamprea rechea ofrecida nos restaurantes de Arbo.

que ofrecían propiedades á igrexa. O ius piscandi pasa entón de ser un dereito exclusivo da monarquía a ser un dereito tamén de eclesiásticos e nobres (A pesca tradicional nos ríos de Galiza. Lois Ladra. Ed. Sotelo Blanco. 2008).

O inicio do proceso dos señoríos da pesca na ribeira do Miño documéntase cando no ano 1071 a raíña dona Urraca concede á igrexa de Santa María de Tui e ó seu bispo a metade do mosteiro de Albeos coas súas pesqueiras e “cando no mesmo ano na marxe portuguesa cede a metade indivisa que ela tinha ao mosteiro de San Paio de Paderne, conforme está por límites com a vila de Prado, como parte pelo meio do Minho, com as suas pesqueiras, com os seus homens e con todas as suas pertencas” (As pesqueiras do Rio Minho.

veciños leigos, entre eles algún con apelidos pertencentes ás casas grandes, mentres que eclesiásticos só se mencionan como tales cinco.

A partir da segunda metade do XVIII, no XIX e primeira metade do XX o número de pescos aumentou considerablemente (en 1949-1950 enumeráronse en torno a 200. La Lamprea del Río Miño. Alfonso Vázquez.) e a propiedade do pesco fragmentouse en cada vez máis “consortes”, aqueles que comparten “sorte” na pesca do Miño: os numerosos herdeiros que teñen os seus días, as súas horas e o seu quión en lampreas, sábeles, sabellans, salmons ou escalos. Aqueles froitos do río tan aprezados por reis, nobres e monásticos fóronse popularizando e chegando a través dos séculos a toda a poboación, converténdose ata hoxe en avío alimentario moi valorado e desexado.

Así pois, tendo en conta as orixes documentadas hai mil anos da existencia de pesqueiras nos ríos galegos, é posible pensar que a lamprea seca é un produto milenario conforme as técnicas máis antigas de conservación das carnes e do peixe sobre todo en temporadas de abundancia: o afumado, desde cando o lume comeza a arder na lareira castrexa, e a salgadura desde a etapa galaico-romana (Xavier Castro. Historia da alimentación en Galicia. Biblos. 2010).

(Continuará en próximas edicións)

Alvarinho Wine Fest, dias 8, 9 e 10 de junho no Pavilhão Carlos Lopes em Lisboa

Os Municípios de Monção e Melgaço, em parceria com a “Co-fina Media”, organizam, pelo quinto ano consecutivo, o “Alvarinho Wine Fest Monção/Melgaço”. O evento decorre nos dias 8, 9 e 10 de junho, no Pavilhão Carlos Lopes, em Lisboa, com entrada gratuita.

Nesta iniciativa, celebra-se a genuinidade dos monovarietais de vinho Alvarinho

com a presença de diversos produtores de Monção e Melgaço, aposta-se na tradição e requinte da culinária local com produtos das duas regiões e inova-se com novas combinações e experiências gastronómicas.

Tem como objetivo central a valorização da autenticidade do vinho Alvarinho produzido nos territórios de Monção e Melgaço, propondo, em paralelo, explorar novos

conceitos de gastronomia agradáveis ao olhar e paladar.

Pretende-se que o “Alvarinho Wine Fest Monção/Melgaço” entre no coração dos lisboetas e dos turistas nacionais e internacionais que, neste mês de férias, visitam a capital portuguesa. A ideia traduz-se na concretização de uma experiência integrada e inesquecível a todos os visitantes.

Apresentação de livro e abertura de exposição com “desenhos de observação” que mostram “um Alto Minho belíssimo”

Durante 12 meses, 55 artistas e entusiastas do desenho passaram pelo Alto Minho, através de residências artísticas e encontros de sketching, para observar, sentir e registar, de forma espontânea, os principais recursos identitários da nossa região.

O resultado é uma coleção única de memórias e de momentos, evocados em cerca de 160 desenhos a cores ou a preto e branco, que deixam transparecer o que de melhor a região tem para oferecer: monumentos, paisagens, recantos pitorescos e pormenores que passam despercebidos.

A apresentação da publicação “Desenhos do Alto Minho: Sketching com história”, no Museu do Alvarinho, esteve a cargo de Eduardo Salavisa, coordenador do projeto. Falou do convite lançado pela CIM Alto Minho, do espírito momentâneo e criativo inseparável da atividade dos Urban Sketchers e de um conjunto de “desenhos de observação” que mostram um “Alto Minho belíssimo”.



O presidente do Conselho intermunicipal da CIM Alto Minho, José Maria Costa, focou-se na visa artística de uma publicação com inspiração artística que, acrescentou, permitirá aos residentes e forasteiros apreciar a beleza natural, patrimonial e humana da região, bem como alguns pormenores deliciosos que passam despercebidos no dia a dia.

Uma redescoberta de espaços na região do Alto Minho também sublinhada pelo autarca monçanense, António Barbosa, o qual destacou a interação com o público proporcionada pela iniciativa e a concertação estratégica dos dez municípios na concretização deste projeto.

António Barbosa referiu que “é um orgulho ser minhoto e uma honra pertencer à CIM Alto Minho”, terminando com um agradecimento à organi-

zação: “Artistas de diferentes locais visitaram o nosso território e passaram para o papel aquilo que nos identifica. O resultado final é mais um contributo para a promoção da nossa região. Obrigado a todos que participaram no projeto”.

Após a apresentação do livro, realizou-se a abertura da exposição. No primeiro andar do Museu do Alvarinho, a história de um dos vinhos brancos mais afamados do mundo, articula-se, até 2 de junho, com os traços e as cores de um território com alma feito por gente autêntica.

Os Urban Sketchers são um coletivo de autores com mais de 800 membros que desenhavam as cidades onde vivem e os locais por onde viajam. Encontram-se regularmente para desenhar em grupo e estão associados em países de todo mundo.

Recriação histórica “Ponte do Mouro Medieval”

Dias 8 e 9 de junho, em Barbeita/Ceivães - Monção



Ponte do Mouro Medieval, iniciativa promovida pela Associação “Buraca da Moura” com apoio da Câmara Municipal de Monção, é a recriação histórica do Encontro de D. João I e do Duque de Lencastre, precisamente em Ponte do Mouro, lugar pertencente às freguesias de Barbeita e Ceivães.

Naquele encontro, realizado com pompa e circunstância no ano de 1386, estabeleceram-se as condições de cooperação militar entre os dois

países, acertando-se os pormenores do casamento entre o Rei D. João I e D. Filipa de Lencastre, filha do Duque.

Nesta viagem ao passado, os visitantes poderão apreciar e viver todo o contexto histórico da época, degustando sabores tradicionais e participando nas recriações medievais alusivas àquele período: música e danças da época, torneios, animadores de rua, espetáculos de fogo, falcoaria, cânticos à capela, demonstrações de ofícios e mercado medieval.



NOVAS DA RAIA

Cerveira com novo recorde do volume de exportações 2018

Dados recentes do Instituto Nacional de Estatística corroboram, uma vez mais, a contante orientação ascendente do volume de exportações de Vila Nova de Cerveira. Em 2018, as empresas com sede na Zona Industrial atingiram os 695 ME, mantendo Cerveira como o 16º concelho da Região Norte mais exportador (num total de 86) e o 2º no Alto Minho, imediatamente a seguir a Viana do Castelo.

Ano após ano, a atividade exportadora do concelho tem-se expandido significativamente, com uma média de crescimento na ordem dos 100 ME, nos últimos três anos. Tendo como referência base o ano de 2016, com um registo de exportações de 515 ME, em 2017 o valor alcançado cifrou-se nos 617 ME e, mais recen-



temente, o ano de 2018 atingiu os 695 ME (dados do INE).

O Presidente da Câmara Municipal de Vila Nova de Cerveira reitera que esta reconhecida dinâmica empresarial é fruto do trabalho, persistência e até ousadia dos empresários, com apoio dos seus colaboradores, tornando o concelho uma referência na Região Norte e também na vizinha Galiza. “Cabe ao Município estar um passo à frente, e proporcionar às nossas empresas, aos nossos

empresários e aos nossos trabalhadores, melhores condições de trabalho, valorização profissional de forma a promover a inovação e desenvolvimento, fator chave para reforçar a internacionalização”, assegura Fernando Nogueira.

Localização, qualificação e desburocratização. É com base nestes três conceitos que Vila Nova de Cerveira tem consolidado a sua ligação empresarial e industrial, sustentado num investimento ativo e responsável.

Assembleia Geral da Turismo do Porto e Norte realizou-se na Vila do Gerês



A assembleia geral da Turismo do Porto e Norte de Portugal E.R decorreu dia 28 de maio, na vila do Gerês, em Terras de Bouro.

O auditório Prof. Dr. Emídio Ribeiro, do Centro de Animação Turística da vila do Gerês, foi o local escolhido para a realização da referida assembleia geral na qual foram discutidas várias propostas e alterações relativas ao normal funcionamento da Entidade Regional

de Turismo.

Do encontro destacou-se, igualmente, a forma encontrada pelo Município de Terras de Bouro para assim promover o território com a exibição de vídeos de divulgação do concelho, não esquecendo também a apresentação dos doces “Beneditinos de S. Bento” que foram, como já é sabido, seleccionados para integrar 3.ª fase do concurso “7 Maravilhas Doces de Portugal” que se encontra a decorrer.

IX Educarte reforça atratividade internacional

Porque é de pequenino que se deve começar a estimular a criatividade e o sentido crítico, Cerveira ‘Vila das Artes’ volta a dinamizar mais um EDUCARTE - Mostra de Arte Infantojuvenil. De portas abertas entre quarta-feira, 29 de maio, até sábado, dia 1 de junho, só

durante o período da manhã, no Salão Multiusos do Cine-teatro de Cerveira, a IX edição assume uma maior internacionalização, com a presença de 952 trabalhos de 14 escolas de cinco países, Brasil, Espanha, Itália, Qatar e Portugal num total de 5 mil alunos envolvidos.



Abertas as inscrições para as Oficinas de Trabalhos de Verão em Terras de Bouro

Assim sendo, podem inscrever-se todas as crianças com idades compreendidas entre os 3 e os 12 anos de idade, estando disponível a ficha de inscrição na página electrónica do município ou nos serviços correspondentes e o

período de funcionamentos será de 24 de junho a 13 de setembro de 2019, com o seguinte horário de funcionamento: 08:30h às 17:30h e nos seguintes locais: Gerês, Rio Caldo e Moimenta. Inscrições até 7 de junho de 2019

EB do Vale do Mouro premiada no concurso “Cartas Seguras”

No âmbito das comemorações do “Dia Mundial da Poupança”, a Fundação Dr. António Cupertino de Miranda (FACM) e a Associação Portuguesa de Seguradores (APS), lançaram a todas as turmas participantes na 9ª. Edição do Projeto de Educação Financeira, “No Poupar Está o Ganho”, o desafio para realização de um trabalho intitulado “Cartas Seguras”.

O concurso consistiu na conceção e

produção, por cada turma participante, de um baralho de cartas sobre a temática dos seguros. A turma 4ºT1A, da Escola Básica do Vale do Mouro, em Tangil, foi uma das turmas vencedoras do concurso, recebendo uma menção honrosa.

O 8 de maio, os alunos e a professora, Marlene Lobato Pires, receberam o prémio na sede da Fundação Dr. António Cupertino de Miranda.



Prémio de Melhor Museu do Ano atribuído ao Museu Bial de Arte de Cerveira

Uma distinção que reconhece e premeia o enorme trabalho realizado pela Fundação Bial de Arte de Cerveira em prol da cultura e das artes. É desta forma que o presidente da Câmara Municipal de Vila Nova de Cerveira e da Fundação Bial de Arte de Cerveira (FBAC), Fernando Nogueira, reage à atribuição do Prémio de Melhor Museu do Ano ao Museu da Bial de Arte de Cerveira, com alto patrocínio do Presidente da República, Professor Marcelo Rebelo de Sousa. A Cerimónia de Entrega dos Prémios pela Associação Portuguesa de Museologia (APOM) decorreu, esta tarde, no Auditório do Teatro Miguel Franco, em Leiria.

Anualmente, a Associação Portuguesa de Museologia pre-

meia agentes e instituições de museologia portuguesa cujo trabalho se distingue com o objetivo de incentivar e gratificar a criatividade dos museólogos portugueses, reconhecendo o seu contributo e dando visibilidade ao que de melhor se faz no âmbito da museologia no nosso país.

Na edição 2019, entre 200 candidaturas, o prémio de Melhor Museu do Ano acaba de ser atribuído ao Museu Bial de Arte de Cerveira que, segundo o autarca cerveirense, “vem valorizar o vasto e valioso acervo museológico existente e corroborar a aposta da FBAC na descentralização artística e cultural por várias cidades do nosso país, assim como potencia ainda mais a internacionalização realizada nos últimos anos”.

Fernando Nogueira sublinha

que as comemorações do 40º aniversário da Bial Internacional de Arte de Cerveira, assinalado em 2018, “dão a as que estas manifestações oficiais representem um maior peso e uma satisfação acrescida, porque em Vila Nova de Cerveira faz-se muito em prol das artes e da cultura, mas com muito pouco. Esta distinção reconhece e premeia o enorme trabalho realizado pela Fundação Bial de Arte de Cerveira em prol da cultura e das artes, ao longo de 40 anos”.

Elogiando e agradecendo o trabalho da “pequena equipa” da FBAC que “torna possível” o reconhecimento hoje atribuído pela APOM e, “aos patrocinadores, sem os quais a Bial não teria chegado onde chegou”, Fernando Nogueira reitera a “excelente notícia e



a enorme satisfação para Cerveira, para os Cerveirenses, e para Portugal”, deixando a garantia de que “ter ainda mais força e estímulo para continuar a trabalhar mais e melhor nesta e noutras áreas”.

Com início em 1978, a Bial Internacional de Arte de Cerveira é a mais antiga da península Ibérica em atividade, e dispõe de um museu da bial com um espólio de mais de 600 peças.

Município de Monção apoia escolas com equipamento desportivo

As Provas de Aferição de Expressões Físico Motoras (2º ano do ensino básico), realizam-se, durante esta semana, em todo o território nacional. No caso de Monção, decorrem num quadro de perfeita normalidade, não sendo conhecido qualquer contratempo ou contrariedade.

Para a realização das provas de aferição, os alunos necessitam de equipamento desportivo exigido pelo Instituto de Avaliação Educativa. Verificando algumas lacunas nesta área, o Município de Monção procedeu ao apetrechamento dos es-

tabelecimentos de ensino com o material pretendido.

Uma medida que, de acordo com a imprensa nacional, não se verificou em determinadas localidades do país, onde a ausência de equipamentos desportivos e as inadequadas condições de funcionamento dos pavilhões escolares, estão a causar diversos constrangimentos ao normal desenvolvimento das provas.

Respondendo às exigências do Instituto de Avaliação Educativa, o Município adquiriu e distribuiu pelas escolas o seguinte equipamento desportivo:

arcos de perfil redondo; banco sueco de madeira; colchões de ginástica; cones de sinalização; cordas de saltar; plintos em PVC; raquetes de madeira; coletes de identificação; e bolas de futebol, andebol e basquetebol.

Em Monção, prestam Provas de Aferição de Expressões Físico Motoras uma centena de alunos que frequentam quatro estabelecimentos de ensino. A saber: E.B. José Pinheiro Gonçalves, em Monção, E.B. da Estrada, em Mazedo, E.B. do Vale do Mouro, em Tangil, e E.B. de Pias.



Un bronze e un ouro para Adrián Rodríguez no Campionato de España sub-11, e bronze para Lucía Rodríguez no Internacional sub17 de Austria

Pablo Méndez Rodríguez

A mediados de maio disputouse en Pontevedra (complexo Príncipe Felipe) o campionato de España absolut e sub11. O CB As Neves participaba con 5 xogadores absolutos (Bruno Moldes, Brais Alves, Brais Vidal, Alejandro Rivadulla e Sergio García) e con 4 xogadores sub11 (Adrián Rodríguez, Iker Otero, Rodrigo Álvarez e Roi García).

En absoluto Bruno Moldes e Brais Alves non defraudaron e metíanse na rolda de cuartos de final de dobres masculino onde caían 23-25 no terceiro despois dun axustado partido, cos que a posteriori serían prata no torneo!

Nos sub11 despois dun venres de dura competición Iker

Otero-Rodrigo Álvarez clasificábanse en dobres para os octavos de final e Adrián Rodríguez cara ao mesmo en individual masculino e en dobres sub11. Na xornada de sábado o único xogador do club que aguantaba ata as roldas finais era Adrián Rodríguez metiéndose nas dúas semifinais, Individual masculino e dobres masculino (facendo parella con Yaidel Gil, do club É Vedrá, Eivissa) con dúas medallas garantidas, agora había que pelexar pola cor, e vaía se o fixo.

Na semifinal de dobres masculino a parella formada polo nevense e o ibicenco, pasaban sen apuros á final gañando en dous sets, mostrando a súa candidatura ao título. Tocaba agora a semifinal de individual contra o oscense Raul Bergua (finalista o ano pasado no cam-



pionato de España sub11) Adrián demostrou a garra que atesoura neste partido e despois de gañar un set cada un todo decidíase na terceira manga. Cun pavillón entregado animando ao único galego que quedaba na competición, Rodríguez pelexaba o partido ata o final onde a sorte non estubo do seu lado e en dous puntos moi axustados acaba cedendo o partido e o pase á final por un axustado 13-15.

O domingo tocaba a final de Dobres sub11 contra os oscenses Gonzalo Isabal e Raul Bergua. Enfrontábanse as dúas mellores parellas do torneo, as cales levaban toda a tempada dominando o circuíto de dobres sub11. Como non podía ser doutra forma despois dun primeiro set irresistible da parella formada por Adrián-Yaidel, o xogador nevense adiantábase no marcador, as dúbidas no segundo set fixeron

que a parella de Huesca empatase e decidírase todo no terceiro e definivo set.

Nun set de infarto onde o marcador ía dando botes para un lado e outro do campo chegábase á parte final coa parella Adrián- Yaidel 3 puntos por encima, e demostrando un enteiroza propia dos absolutos conseguiron manter a vantaxe e proclamarse campións de España sub11 gando 15-13 na terceira manga.



Brais Gómez, do C.C.Ponteareas revalida o título de Campión Galego de contrareloxo

O 17 de maio celebrouse en As Pontes o Campionato Galego de Contrareloxo Individual, onde Brais Gomez Cima gañou por segundo ano consecutivo o título de Campión Galego en categoría Xuvenil.

Estivo a acompañar no Podium no 3º posto de Manuel Rodríguez Alonso.

Na categoría Cadete Miguel Rodríguez Novoa facíase co título de Subcampión Galego logrando o 2º posto.

O club Ciclista Ponteareas agradeceu ao



o remendón CERRAJERO 

- Apertura de portas
- Cambios de cerraduras
- Mantenimento de comunidades
- Duplicado de llaves y telemandos
- Automatismos
- Amaestramento bombillos
- Reparación de calzado

SERVICIO OFICIAL **Duplinox**

Rosalía de castro, 61
Salvaterra de Miño

637 764 865
www.cerrajeroremendon.com

 **o noso Eido**

Especialidades en Angulas e Lampreia, Peixes do Río, Cocido a Frío, Baccalao e Risotto a la Italiana.

RESERVAS: Ana 651 040 534 - Coke 646 424 968
Tel: 906 658 313 - Rúa da Fraga, 5 - SALVATERRA DE MIÑO (PO)